

ACTA NUMERO QUINCE DAS CELEBRADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA VINTESEIS DE AGOSTO DE DOUS MIL OITO

:-----

=====

PRESIDENTA :

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS :

D. Salvador Duran Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Angel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D^a Susana Fernández Trelles
D. Martín Otero Otero
D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. Manuel Lores Puente
D. José-Ramón López Fernández

NON ASISTIRÓN :

D^a Gloria González Camiña
D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR ACCTAL. :

D. Celestino Otero Camiña

SECRETARIO :

D. Luis – Ángel Sabariz Rolán.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas do día vinteseis de Agosto de dous mil oito.- Baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesiões os Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión Extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión, ó obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto.-----

ACTA ANTERIOR :

173 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE XULLO DE 2008 : Polo Sr. **Presidente** preguntouse ós asistentes á sesión se algún Concelleiro tiña que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, aprobouse a referenciada acta por unanimidade.-----

174 : APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE SANXENXO DA ANUALIDADE 2008, RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS INTERPOSTAS POR FERNÁN COUTO ARAUJO, SECRETARIO XERAL DA FEDERACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS DA U.X.T. DE PONTEVEDRA; CARLOS DACOSTA GARCÍA; CELSO GARCÍA CRESPO E SONIA DOSANTOS MONTES : Polo Sr. **Secretario** dáse lectura ó ditame da comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, que literalmente di :

“”””2.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE SANXENXO DA ANUALIDADE 2008, RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS INTERPOSTAS POR FERNÁN COUTO ARAUJO, SECRETARIO XERAL DA FEDERACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS DA U.X.T. DE PONTEVEDRA; CARLOS DACOSTA GARCÍA, CELSO GARCÍA CRESPO E SONIA DOSANTOS MONTES. Os documentos que conforman este punto do orde do día está integrado por:

- Certificación do acordo plenario de 22.07.08 de aprobación inicial do proxecto de orzamento xeral para o ano 2008, orzamentos separados, cadro de persoal
- Edito de exposición pública no BOP nº 145 de data 29.07.08, do acordo da aprobación inicial
- Escrito de reclamación de Fernán Couto Araujo, de data 08.08.08 en calidade de secretario xeral da F.S.P. da U.X.T. de Pontevedra
- Escrito de reclamación de Carlos Dacosta García de data 12.08.08
- Escrito de reclamación de Celso García Crespo de data 12.08.08
- Escrito de reclamación de Sonia Dosantos Montes de data 13.08.08
- Certificación do secretario xeral do Concello sobre o resultado da información pública
- Informe da intervención xeral accidental, conformado polo interventor titular de data 18.08.08

A alcaldesa solicítalle ao secretario que dé lectura íntegra ao informe da intervención que, copiado literalmente, di:

“ASUNTO: RECLAMACIÓN E/OU ALEGACIÓN Á APROBACIÓN INICIAL DO PRESUPOSTO XERAL DE 2008.

Antecedentes.-

Rematado o período de información pública da aprobación inicial do orzamento de 2008, presentáronse en tempo e forma catro alegacións, segundo consta no expediente ó que me remito para a súa debida identificación.

A salvo a reclamación presentada por D. FERNÁN COUTO ARAUJO, que no seu apartado terceiro establece unha alegación sobre a prórroga de contratación de dous auxiliares do servizo da Policía Local, os dous primeiros apartados da alegación anterior e as outras tres alegacións son idénticas, e basicamente inciden na redución do complemento específico con respecto as prazas da Policía Local.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.-

A cuestión establece pola entrada en vigor da Lei 4 / 2007, de 20 de abril, de coordinación de Policías Locais de Galicia, que varía os grupos que se lle asignan segundo a nova denominación da Lei 7 / 2007 do Estatuto básico do emprego público.

A mencionada Lei establece que no prazo de tres anos os funcionarios da Policía Local das escalas básica, executiva e técnica quedarán incluídos nos grupos C, B e A. Pero na mesma disposición transitoria primeira establécese que este aumento de grupo non suporá incremento do gasto público xa que se compensará con redución das retribucións complementarias polo exceso (DT1ª - 4).

FEITOS.-

Atopámonos fronte a un mandato legal, non fronte a unha decisión da Corporación. Outra cousa é que se teña decidido adapta-las estruturas retributivas nesta anualidade sen esperar ó prazo de tres anos que a propia Lei 4 / 2007 establece.

Sen prexuízo dos dereitos que asisten os recorrentes, o sistema retributivo que eles mencionan nas súas alegacións queda fixado polo réxime legal vixente contido non só na lexislación local e na Lei 30 / 1984, a que se remite á Lei 7 / 2007, senón na propia Constitución e como consecuencia nas Leis de Presupostos Xerais do Estado para cada exercicio.

A fixación das retribucións, en canto o seu incremento interanual é competencia exclusiva do Estado no marco da competencia exclusiva de fixar a política económica xeral, no que ten un impacto importante o gasto público derivado do persoal ó servizo do conxunto das Administracións Públicas.

Polo tanto é o Estado quen a través das sucesivas Leis de Presupostos Xerais do Estado lle corresponde establecer as subidas salariais do persoal ó servizo do sector público.

Soamente como a propia Lei de Presupostos Xerais do Estado establece para este ano, se poderán establecer incrementos maiores en casos excepcionais e singulares debidamente motivados.

Polo tanto a Administración ten cumprido taxativamente o mandato da Lei autonómica contida na disposición transitoria primeira, sendo que o non ter complemento de produtividade asignado, o incremento que supón o aumento de categoría profesional ou de grupo de funcionario débese compensar co complemento específico, que por certo xa lles foi a súa vez incrementado á Policía Local deste Concello na contía de 2.000 € / ano (na vixencia da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2007).

Á súa vez esta redución de compensación (que non obstante de facto vese neutralizada polo incremento do exercicio precedente), é precisa para dar cumprimento non só ó establecido na propia Lei 4 / 2007 senón na Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2008 que fixa os incrementos máximos que poderán experimentar as retribucións do sector público e que, como se dixo con anterioridade, supón o exercicio dunha competencia básica do Estado.

É certo que o complemento específico recolle as circunstancias obxectivas de cada posto de traballo que debe ser suficientemente modulado, e que, en consecuencia, calquera variación que supoña aumento o redución do mesmo débese acreditar en expediente debidamente incoado ó efecto, ben sexa con carácter singular ou ben no marco dunha relación global de postos de traballo. Este aumento o redución débese relacionar coas circunstancias obxectivas de cada posto de traballo que obviamente poden variar. Polo tanto ó contrario que as retribucións básicas e o nivel de complemento de destino que consolidan na carreira administrativa, o complemento específico non.

CONCLUSIÓNS:

O Concello deu debido cumprimento á legalidade vixente, estatal e autonómica.

Non é este o momento de discutir a solución legal do lexislador autonómico, e quen se vexa afectado por ela e estime que lesiona os seus dereitos constitucionais debe arbitrar os debidos mecanismos que o ordenamento xurídico establece, ben sexa o recurso de amparo constitucional ou a petición de que o órgano xurisdiccional que corresponda interpoña a cuestión de inconstitucionalidade do precepto da Lei autonómica citado, se a sala ou órgano unipersoal o estiman adecuado, razoado e conveniente.

En todo caso non é a Corporación quen poda activar tales recursos, senón dar cumprimento a lexislación básica do Estado e da Comunidade Autónoma.

Non obstante, e sen entrar no acertado ou desacertado da solución arbitrada polo lexislador autonómico, causa perplexidade as reclamacións, que sendo de todo respectables inciden nun aspecto que lles beneficia xa que é mais doado o aumento por Lei das retribucións básicas e do grupo de funcionario asignado ó consolidar a favor dos interesados e en consecuencia dos seus dereitos pasivos de futuro, que unha compensación legal do exceso, puntual e por só unha vez, cunha redución por igual contía nas retribucións complementarias, neste caso do complemento específico (a falta de complemento de produtividade) que pode ser alterado a alza ou a baixa nun futuro, e non computa ós efectos pasivos.

Por outra parte xa se expuxo que no ano 2007 produciuse un incremento do complemento específico do persoal da Policía Local que en certa forma alixeira o suposto agravio deste novo marco legal.

Polo que respecta a si se tivo ou non desenrolado proceso de negociación, queda claro do exame do expediente que o mesmo foi desenrolado aínda que non se chegasen a tódolos acordos que pretendían as partes intervinientes. No futuro sería aconsellable que se regulamentase a forma en que se tería que desenrolar tal proceso de negociación, en canto a número de reunións, datas e demais aspectos de interese.

Polo que respecta as dúas prazas de auxiliares ás que se refire a primeira alegación citada tratase de dous postos de carácter esporádico que se estimou no seu día de contratación puntual necesaria, previos os requisitos legais de existencia de crédito orzamentario e selección segundo os principios de mérito, capacidade e publicidade, e que agora a Corporación estima como necesidade permanente e, en congruencia, acordou crear as correspondentes prazas no cadro de persoal que deberán ser cubertas no seu día en legal forma e segundo os procedementos establecidos ó efecto. Polo tanto non merece comentario.

En definitiva sen prexuízo de tódolos dereitos que lles asisten ós recorrentes e da conveniencia de que no futuro se desenrole unha relación de postos de traballo total ou parcial que estableza a adecuada modulación segundo criterios obxectivos e legais do complemento específico de tódolos postos de traballo, por todo o exposto non é preciso que se atendan as reclamacións presentadas, en base a:

- a) Cumpriuse a legalidade vixente en materia retributiva.
- b) Desenrolouse o proceso de negociación.
- c) Non se atopa incumprimento no caso dos auxiliares citados, senón congruencia ó crear as prazas por entender que responden a unha necesidade permanente e non transitoria.

Nembargantes pode a Corporación diferir, se o estima conveniente, a adaptación prevista na Lei 4 / 2007 e deixala para un próximo exercicio, o que non tería impacto de incumprimento ó establecido na Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2008.

Ó ter que pronunciarse agora explicitamente o Pleno da Corporación sobre a aprobación definitiva do orzamento é mester lembrar dous aspectos de interese:

1º.- O impacto da Lei 6 / 2008, de 29 de xuño, no réxime do patrimonio público do solo que está a ser estudada e sobre a que esta intervención esixirá os informes que estime precisos no marco do artigo 220 do Real Decreto Legislativo 2 / 2004 do 5 de marzo.

2º.- Tal como se expuxo no informe da Intervención ó orzamento, no prazo de tres meses debese elevar ó Pleno un plan económico financeiro de acordo as premisas establecidas no Real Decreto 1463 / 2007, de 2 de novembro que desenrola para as entidades locais a Lei 18 / 2001 de estabilidade presupostaria. Tal plan non condiciona a aprobación definitiva deste orzamento pero pode afectar á súa execución se se produce un incumprimento desta obriga xurídica".

O sr. Rodríguez Lorenzo manifesta que o punto do orde do día debía de ir dividido en dous puntos: resolución de reclamacións e aprobación do orzamento definitivo.

Sometido a votación a aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello de Sanxenxo e, polo tanto, a desestimación das reclamacións interpostas, ofrece o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (Grupo municipal do P.P.)

Votos pola abstención: Seis (Grupo municipal do B.N.G., grupo municipal socialista de Sanxenxo e grupo municipal mixto)

En consecuencia, a comisión, por maioría, acorda propoñer ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestimar as reclamacións interpostas por Fernán Couto Araujo, secretario xeral da federación de servizos públicos da U.X.T. de Pontevedra; Carlos Dacosta García, Celso García Crespo e Sonia Dosantos Montes.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o orzamento xeral consolidado do concello de Sanxenxo para o ano 2008 que integra o da propia entidade local, o organismo autónomo Terra de Sanxenxo, a previsión da sociedade mercantil Nauta Sanxenxo, S.L., a previsión da sociedade mercantil Ínsula e o do organismo autónomo Xerencia de urbanismo, que ascende, en termos legais de consolidación, á cantidade de 65.038.380,11 euros, co seguinte resumo:

ESTADO DE INGRESOS

ENTIDADE LOCAL		OA TERRA	OA XER.	INSULA	NAUTA	TOTAL	ELIMIN.	CONS. PRES.
CAP.	IMPORTE							
I.	6.889.200,00	--	--	--	--	6.889.200,00	--	6.889.200,00
II.	4.400.000,00	--	--	--	--	4.400.000,00	--	4.400.000,00
III.	4.454.249,45	493.019,75	886.373,64	--	2.940.500,00	8.774.142,84	--	8.774.142,84
IV.	4.405.037,68	5.099.510,42	68.611,42	125.000,00	25.000,00	9.723.159,52	4.643.611,42	5.079.548,10
V.	23.573,00	500,00	25.000,00	--	100,00	49.173,00	--	49.173,00
VI.	325.000,00	--	--	--	--	325.000,00	--	325.000,00
VII.	20.514.541,62	--	4.298.409,89	--	6.586.996,85	31.399.948,36	7.955.182,44	23.444.765,92
VIII	--	--	--	--	--	--	--	--
IX	2.211.719,46	--	--	10.871.330,79	2.993.500,00	16.076.550,25	--	16.076.550,25
TOTAL	43.223.321,21	5.593.030,17	5.278.394,95	10.996.330,79	12.546.096,85	77.637.173,97	12.598.793,86	65.038.380,11

Votos a favor : nove (Grupo Municipal do P.P.)

Votos en contra : seis (Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Desestimar as reclamacións interpostas por **FERNÁN COUTO ARAUJO**, Secretario Xeral da **Federación de Servizos Públicos da U.X.T.** de Pontevedra; **CARLOS DACOSTA GARCÍA**, **CELSO GARCÍA CRESPO** E **SONIA DOSANTOS MONTES**.

SEGUNDO : Aprobar **definitivamente o Orzamento xeral consolidado do Concello de Sanxenxo para o ano 2008** que integra o da propia Entidade Local, o “Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo”, a previsión da Sociedade Mercantil “Nauta Sanxenxo, S.L.”, a previsión da Sociedade Mercantil “Ínsula” e o do Organismo Autónomo Xerencia de Urbanismo, que ascende, en termos legais de consolidación, á cantidade de **65.038.380,11 €** co seguinte resumo:

ESTADO DE INGRESOS

ENTIDADE LOCAL		OA TERRA	OA XER.	INSULA	NAUTA	TOTAL	ELIMIN.	CONS. PRES.
CAP.	IMPORTE							
I.	6.889.200,00	--	--	--	--	6.889.200,00	--	6.889.200,00
II.	4.400.000,00	--	--	--	--	4.400.000,00	--	4.400.000,00
III.	4.454.249,45	493.019,75	886.373,64	--	2.940.500,00	8.774.142,84	--	8.774.142,84
IV.	4.405.037,68	5.099.510,42	68.611,42	125.000,00	25.000,00	9.723.159,52	4.643.611,42	5.079.548,10
V.	23.573,00	500,00	25.000,00	--	100,00	49.173,00	--	49.173,00
VI.	325.000,00	--	--	--	--	325.000,00	--	325.000,00
VII.	20.514.541,62	--	4.298.409,89	--	6.586.996,85	31.399.948,36	7.955.182,44	23.444.765,92
VIII.	--	--	--	--	--	--	--	--
IX.	2.211.719,46	--	--	10.871.330,79	2.993.500,00	16.076.550,25	--	16.076.550,25
TOTAL	43.223.321,21	5.593.030,17	5.278.394,95	10.996.330,79	12.546.096,85	77.637.173,97	12.598.793,86	65.038.380,11

ESTADO DE GASTOS

ENTIDADE LOCAL		OA TERRA	OA XER.	INSULA	NAUTA	TOTAL	ELIMIN.	CONS. PRES.
CAP.	IMPORTE							
I.	5.111.283,76	1.681.692,29	757.292,42	86.729,05	602.000,00	8.238.997,52	--	8.238.997,52
II.	7.246.423,09	3.402.242,23	222.692,64	339.700,00	942.000,00	12.153.057,96	--	12.153.057,96
III.	884.125,96	--	--	--	175.100,00	1.059.225,96	--	1.059.225,96
IV.	4.863.714,45	407.900,00	--	--	--	5.271.614,45	4.643.611,42	628.003,03
VI.	21.473.706,83	50.195,65	--	10.569.901,74	9.826.996,85	41.920.801,07	--	41.920.801,07
VII.	2.771.332,01	51.000,00	4.298.409,89	--	--	7.120.741,90	7.955.182,44	834.440,54
VIII.	--	--	--	--	775.000,00	775.000,00	--	775.000,00
IX.	872.735,11	--	--	--	225.000,00	1.097.735,11	--	1.097.735,11
TOTAL	43.223.321,21	5.593.030,17	5.278.394,95	10.996.330,79	12.546.096,85	77.637.173,97	12.598.793,86	65.038.380,11

TERCEIRO : Aprobar definitivamente o cadro de persoal que figura como anexo do orzamento e que se aproba conxuntamente co orzamento de acordo ao disposto no artigo 90 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases de réxime local, ademáis das bases de execución.

CUARTO : Publicar no Boletín Oficial da Provincia na súa integridade o resumo por capítulos do Orzamento Municipal do ano 2008 ao que se refire o artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.

QUINTO : Notificar o presente acordo plenario aos alegantes con expresión dos recursos que sexa procedente interpoñer.-----

175 : MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE LIXO E LIMPEZA VIARIA COA EMPRESA “URBASER, S.A.” : Polo Sr. Secretario dáse lectura ó ditame da comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, que literalmente di :

“””””**3.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE LIXO E LIMPEZA VIARIA COA EMPRESA URBASER, S.A.**.- Dase conta da proposta da alcaldía de data 18.08.08 que, copiada literalmente, di:

“Co obxecto de mellorar o servizo de recollida de lixo analizouse coa empresa adjudicataria “**Urbaser, S.A.**” unha serie de medidas de ampliación e reforzo do mesmo.

Estas medidas son a recollida de lixo polas tardes en zonas de alta utilización e recollida do contorno do porto deportivo de Sanxenxo, o servizo de limpeza viaria nas zonas de alta utilización e un servizo de mantemento, limpeza e baldeirado de papeleiras.

A recollida de lixo polas tardes en zonas de alta utilización e no contorno do porto deportivo de Sanxenxo tería un custo de 7.651,75 euros/mes (IVE incluído) durante os meses de xullo, agosto e setembro.

O servizo de limpeza viaria nas zonas de alta utilización, polas tardes, tería un custo de 3.664,93 euros/mes (IVE incluído) durante os meses de xullo, agosto e setembro.

O servizo de mantemento, limpeza e baldeirado de papeleiras tería un custo de outubro a xuño, inclusive, de 7.400,57 euros/mes e de 14.261,17 euros/mes nos meses de xullo, agosto e setembro. En ámbolos dous casos o IVE esta incluído nestas cantidades.

Deste xeito, o aumento total sería de 109.388,64 euros anuais e unha cifra rateada de 9.115,72 euros/mes, IVE incluído.

Analizado o expediente, o informe de fiscalización da intervención municipal e co fin de mellorar o servizo no seu conxunto, esta alcaldía, propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar un cuarto modificado do contrato asinado coa empresa “**Urbaser, S.A.**” para a recollida de lixo, facendo constar que esta modificación rexerá ata o remate definitivo do contrato cuxo vencemento é o día **31 de decembro de 2009**, sen posibilidade algunha de prórroga.

SEGUNDO: dar conta desta modificación ó Consello de Contas de Galicia para os efectos da súa fiscalización externa.

TERCEIRO: trasladar o presente acordo á empresa concesionaria, á intervención e a tesourería municipais ós efectos oportunos.”

Consta no expediente informe de fiscalización da intervención de data 04.08.08.

Polo sr. Fernández Lores maniféstase que da lectura da proposta existe un erro no total da modificación toda vez que os 109.388,64 euros anuais refírense ao servizo de mantemento, limpeza e baldeirado de papeleiras. Comprobado o erro o total das tres melloras de modificación é de 143.338,68 euros anuais sendo o media mensual de 11.944,89 euros.

Igualmente o sr. Fernández Lores manifesta que da documentación do orde do día do informe de fiscalización do contrato que emitiu o interventor xeral con data 04.08.08, ao seu entender existen erros de cantidades.

contrato (nos dous primeiros aínda non formaba parte da Corporación) anunciouse que coa ampliación quedaba cuberta a recollida de lixo como merecía un Concello da importancia turística de Sanxenxo. Engadiu que agora “causáballe estupor” o incremento do gasto, pois aínda que se están a manter as taxas de ocupación neste verán, hai un descenso no consumo dun 20 ou 25% que afecta, sobre todo, ós restaurantes que son os principais afectados neste tema do lixo. Cualificou así o aumento dos custos como incongruente, e dixo que estando na crise que vivimos o goberno local en lugar de axustar os custos, gasta con “alegría” modificando contratos. Engadiu que resultaba chocante esta postura e que dubidaba que o entenderá ben a cidadanía. Rematou dicindo que lle daba a impresión de que á Alcaldesa, como en tantas ocasións, vanlle ter sen coidado as opinións do B.N.G., pero que a súa obriga é dicir as cousas.

** En canto as papeleiras manifestou que non entendía como un servizo que foi licitado no seu día, sexa adxudicado directamente a empresa concesionario de recollida de lixo que se había presentado á licitación hai anos. Afirmou que descoñecía porque a empresa fixaba agora un prezo superior nun 40% ó ofertado no seu día porque a “vida” tampouco subira nesta porcentaxe. Criticou que o novo prezo estea baseado nos datos facilitados pola propia empresa e así manifestou, como anédocta, que o custo de vestiario do persoal encargado do baleirado das papeleiras sexa de 233,00 € mensuais (con estes cartos o persoal poderá ir moi “guapo” con modelos de “Roberto Verino” ou “Adolfo Domínguez”, dixo). Anunciou que o seu grupo ía alegar contra esta modificación do contrato xa que, aínda que se vai enviar ó Consello de Contas de Galicia, éste órgano tardará moi tempo en pronunciarse. Engadiu que non existe un informe xurídico e que tampouco se xustifica a non procedencia dunha nova licitación como se reflicte no informe da intervención. Rematou dicindo que, dende marzo en que rematou o contrato coa anterior empresa, deixáronse pasar os prazos e que agora tiñan que alegar contra está modificación sobre a que os cidadáns “ditarán sentenza” no seu momento.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que o Sr. Fernández Lores sempre estaba a dicir o mesmo : “eu non entendo.....”, “eu non o sei.....”, “eu non coñezo.....”, sen asegurar nada. Engadiu que o voceiro nacionalista mentía cando aparecía na prensa con titulares alusivos a que as melloras na recollida de lixo eran pagadas polos cidadáns do rural. Acusou así de mentireiro o voceiro nacionalista, recomendándolle que se preocupe pola xestión do concello e lembrou que o aumento do gasto se abona porque hai moitos establecementos novos nas zonas afectadas polas melloras do servizo. Tamén acusou ó Sr. Fernández Lores de falla de credibilidade e responsabilizou da crise ó actual goberno autonómico. Indicou que Sanxenxo ten que pelexar polos recursos, e que ós veciños e ós turistas hai que darlle os mellores servizos. Lamentou que o voceiro do B.N.G. non se fíe dos informes dos expedientes e que fixera na súa intervención un discurso de campaña electoral, no que só lle faltou dicir a data das eleccións.

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que a Sra. Alcaldesa xa tiña un titular de prensa.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que o goberno local “pelexará” polos intereses dos veciños.

A **Sra. Aguíñ Pombo** manifestou que a única mentireira era a Sra. Alcaldesa porque na Comisión Informativa dixera que o aumento do custo non ía ter incidencia para os locais afectados e agora di que si. Solicitou en varias ocasións á Presidenta que falase con “propiedade” e que dixera claramente quen vai pagar a suba xa que a súa forza política e “mestra” en crear estas confusións.

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que a Alcaldesa evitou todo tipo de referencia ó servizo que esta a prestar Urbaser engadindo que saíu polos “cerros de Úbeda” en todo este tema. Dixo que xa comprendía que non se vai pagar máis por parte dos usuarios, pero que as melloras do servizo van ser para determinadas zonas e non para todos os veciños de Sanxenxo. Rematou dicindo que Alcaldesa está lexitimada para chamarlles mentireiros, dende o punto de vista político, como el llo chamou tantas veces polas súas actitudes.

A **Sra. Alcaldesa** contestoulle a voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo que era difícil non entender que o aumento de locais na Rúa dos Barcos, Rafael Picó, etc. ía a posibilitar o aumento da recadación para afrontar o incremento do custo dos servizos, sen incrementar a taxa a ninguén. Explicou a continuación, que haberá colectores no interior dos establecementos e serán depositados na rúa no horario que se lle indique co fin de que non haxa desperdicios pola vía pública. Indicou que Sanxenxo necesita unha limpeza exhaustiva e que non era o mesmo limpar unha zona de 40 veciños que un espazo no que se concentraron 20.000 persoas no peirao no día de onte. Criticou que a oposición sempre estaba en contra de todo poñendo trabas, salientando que aínda que baixou o consumo nos restaurantes a recollida de vidro aumentara nun 80%. Tamén expuxo que, a pesar dos catro modificados do contrato de Urbaser, o servizo de recollida de lixo en Sanxenxo custa 1.000.000,00 € pero en Pontevedra custa 3.500.000,00 € e en Vilagarcía custa 1.930.000,00 € lembrando que este Concello presta servizos puntuais a máis de 100.000 persoas. Rematou dicindo que estes datos amosan a boa xestión que se estaba a realizar acusando de demagogos ós membros da oposición.

O **Sr. Fernández Lores** quixo intervir de novo pero a Sra. Alcaldesa manifestou que se ía a proceder a votación. O concelleiro nacionalista manifestou que non entendía como outros concelleiros da oposición “falan e falan” moitas veces, e a el non se lle permite facelo por unha vez que pretende contestar as verbas da Alcaldesa.

Sometida a proposta que figura no ditame a votación acadouse o seguinte resultado :

Votos a **favor** : **nove (Grupo Municipal do P.P.)**

Votos en **contra** : **seis (Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)**

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Aprobar un **CUARTO modificado** do contrato asinado coa empresa “**Urbaser, S.A.**” para a recollida de lixo, facendo constar que esta modificación rexerá ata o remate definitivo do contrato cuxo vencemento é o día **31 de decembro de 2009**, sen posibilidade algunha de prórroga, polas seguintes contías (I.V.E. incluído):

- Recollida de lixo **polas tardes en zonas de alta utilización e no contorno do Porto Deportivo de Sanxenxo: 22.955,25 euros (xullo, agosto e setembro).**

- Servizo de **limpeza viaria nas zonas de alta utilización, polas tardes: 10.994,79 euros (xullo, agosto e setembro).**

- Servizo de **mantemento, limpeza e baldeirado de papeleiras: 66.605,13 euros (outubro a xuño) e 42.783,51 euros (xullo, agosto e setembro).**

SEGUNDO : Dar conta desta modificación ó Consello de Contas de Galicia para os efectos da súa fiscalización externa.

TERCEIRO : Trasladar o presente acordo á empresa concesionaria, á Intervención e a Tesourería municipais ós efectos oportunos.-----

-

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as nove horas e cincuenta minutos, de todo o que, eu Secretario, **DOU FE** :